

UNIDADE 4

Ciencias Sociais

Luns, 10 de xaneiro de 2022

A auga pode estar en tres estados diferentes: líquido (a auga que bebemos), sólido (xeo) e gasoso (vapor de auga).

Ao quecer, a auga pasa do estado líquido ao estado gasoso. Ao arrefriar, a auga pasa do estado líquido ao estado sólido.

Ciencias da Natureza

Martes, 11 de xaneiro de 2022

Todos os seres vivos nacen, crecen, reproducense e morren.

As plantas, os animais e as persoas son seres vivos.

As plantas viven fixas no chan. Necesitan auga, aire, luz e terra para vivir. Reproducense a partir de sementes.

Ciencias Sociais

Xoves, 13 de xaneiro de 2022

O ciclo da auga

1. O sol quenta a auga do mar e dos ríos. Así, a auga evapórase, é dicir, transfórmase en gas e pasa a formar parte do aire.
2. No ceo, o vapor de auga arrefría e transfórmase en pequenas gotiñas que forman as nubes.
3. Ao moverse as nubes, as gotas de auga arrefrían aínda máis, aumentan de tamaño e caen á terra en forma de chuvia ou de neve.
4. A auga da neve e da chuvia vai aos ríos e a través deles chega de novo ao mar.

Ciencias da Natureza

Venres, 14 de xaneiro de 2022

Todas as plantas teñen raíz, talo e follas. Algunhas plantas teñen tamén flores e froitos.

A raíz agarra a planta ao chan. Tamén absorbe a auga e substancias que a planta necesita para fabricar o seu alimento.

O talo transporta o alimento ao resto da planta.

As follas captan a luz do sol e o aire que a planta necesita para medrar.

Ciencias da Natureza

Martes, 18 de xaneiro de 2022

A reprodución das plantas

1. A semente dunha planta cae á terra.
2. Coa humidade, a semente xermina e nace outra planta.
3. A planta medra e florece.
4. As flores convértense en froitos, e no seu interior están as sementes.
5. As sementes desprázanse a outras zonas onde medrarán novas plantas.

Ciencias Sociais

Xoves, 20 de xaneiro de 2022

Todos os seres vivos necesitamos auga para vivir.

As persoas bebemos auga potable, que é auga doce, e non debe conter sal nin substancias que prexudiquen a saúde.

A auga do mar é salgada e non se debe beber.

A auga subterránea e a auga da chuvia, dos ríos e dos lagos é doce.

Ciencias da Natureza

Venres, 21 de xaneiro

Segundo o talo, as plantas divídense en árbores, arbustos ou herbas.

As árbores teñen un talo duro, grosa e alto chamado tronco. Exemplo: o castiñeiro.

Os arbustos teñen un tronco duro de menor altura ca as árbores. Exemplo: a lila.

As herbas teñen un talo fino e flexible. Exemplo: o tulipán.

Segundo perdan ou non as follas durante o outono, as plantas poden ser de folla caduca ou folla perenne.

A oliveira é unha planta de folla perenne e o castiñeiro é unha planta de folla caduca.

Ciencias Sociais

Luns, 24 de xaneiro de 2022

O aire é unha mestura de osíxeno e outros gases.

O aire é invisible e non ten forma.